



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/001461

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Actividades Formativas curso 2022-2023)

-Bolillos e Horto Ecolóxico-

Proposta efectuada pola Concelleira de Medioambiente e Normalización Lingüística con data 07 de setembro de 2022, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas actividades formativas para o curso 2022-2023

RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Artigo 1º.-Obxeto.

As Concellarías de Benestar Social-Igualdade e Medioambiente-Normalización Lingüística do Concello de Sada programan unha serie de actividades socioculturais dirixidas co obxectivo de fomentar o aprendizaxe, a participación e o lecer no tempo libre da cidadanía sadense.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

Poderán participar nas actividades mocidade a partir de 14 anos e adultos en xeral.

Terán preferencia no acceso á praza as persoas empadroadas en Sada, o cal será comprobado de oficio.

Artigo 3º.-Cursos ofertados, horarios e lugar de celebración

-Bolillos: Martes de 18:00 a 20:00 h. Centro social da Casa do Pobo de Carnoedo

-Horto Ecolóxico: xoves de 17.00 a 19.00h. Horto urbano municipal da Tenencia.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

No caso da actividade de horto, o horario será modificado en función das horas de luz segundo avance o curso, polo que é imprescindible a dispoñibilidade horaria do alumno as tardes dos xoves.

Artigo 4º.- Temporalización.

As actividades formativas de adultos comezarán en outubro de 2022 e finalizarán en xuño de 2023 (inclusive).
Total: 9 meses

Os periodos non lectivos que se integran no calendario escolar vixente para o curso 2022-2023 non haberá clase (Nadal, Entroido, Semana Santa, etc)

Artigo 5º.- Solicitudes para participar nas actividades formativas

Os/as interesados/as deberán formalizar a solicitude nas actividades a través dun:

- FORMULARIO EN LIÑA: a cuxa ligazón poderá acceder na web municipal www.sada.gal

No caso de que existan débedas cos servizos económicos municipais, previa comprobación de oficio, non será admitida a solicitude.

Poderá ser subsanada a débeda correspondente tendo que realizala antes do prazo de pagamento e sempre que haxa prazas vacantes.

Artigo 6º.- Prazos de inscrición

O prazo ordinario para as solicitudes será:

- Dende a súa publicación na web municipal até o día 18 de setembro (ambos inclusive).
- A publicación da listaxe provisional de admitidos e de agarda, será o 21 de setembro.

Artigo 7º.- Sorteo público

Para que as actividades se poidan realizar terá que haber un mínimo de 7 solicitudes ou polo contrario poderán ser canceladas.

No caso de superar a oferta de prazas ofertadas, realizarase un sorteo público na OMIX o día 19 de setembro ás 13:00 h. para determinar os solicitantes con praza e os solicitantes en listaxe de agarda.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Artigo 8º.-Cotas e periodos de pagamento:

O pagamento dos 9 meses do curso (108 €) deberá fraccionarse en dous pagos que se establecen da seguinte maneira:

- 1º pagamento: Do 21 ao 27 de setembro: 54 €

- 2º pagamento: Do 19 ao 25 de xaneiro: 54 €

Unha vez sexa confirmada a praza, os solicitantes admitidos deberán realizar o pago mediante CARTA DE PAGAMENTO que se poderá tramitar na oficina virtual tributaria do concello ou ben se facilitará nas dependencias de recadación municipal (2ª planta)

www.sada.gal > Sede electrónica > Oficina virtual tributaria de Sada. O primeiro periodo de pagamento establécese entre os días 21 e 27 de setembro (inclusive)

Establecerase un prazo extraordinario de pagamento para persoas en listaxe de agarda e novo alumnado solicitante: a partir do 21 de setembro e en calquera momento durante o curso escolar sempre que se dispoña de prazas vacantes e pedagóxicamente sexa posible a inclusión de máis alumnado en cada actividade.

Unha vez comezado o curso non será posible realizar a devolución da cota aboada por baixa do alumno/a de forma voluntaria.

En caso de que o alumno/a non realice a pagamento da segunda cota será dado de baixa automaticamente e perderá a praza no curso que será ofertada á seguinte persoa que haxa en listaxe de agarda.

Artigo 9º.- Autorización de cesión de dereitos de imaxe e protección de datos de carácter personal.

En aras a dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), infórmase que: na Escola de Teatro recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc…)

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O Responsable do tratamento é o CONCELLO DE SADA, con domicilio en AVDA DA MARIÑA 25, 15160 SADA (A Coruña) e ten, como finalidade, o uso das imaxes para a difusión e publicidade das actividades realizadas na Escola de Verán. A base de lexitimación é o consentimento expreso prestado polos titores legais dos menores. O interesado terá dereito a retirar ou seu consentimento en calquera momento. Pode exercer en todo momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o seu dereito para solicitar a limitación do tratamento. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos como Autoridade de Control.

Para obter unha información máis exhaustiva achega do tratamento que o Concello realiza dos seus datos persoais, pode consultar a nosa política de privacidade a través da páxina web <http://sada.gal/politica-de-privacidade/>

Artigo 10º.- Aceptación das bases.

O feito de presentar a solicitude para as actividades formativas 2022-2023, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.

Concellaría de Benestar Social e Igualdade

Concellería de Medio Ambiente e Normalización Lingüística

Concello de Sada

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.